

ANTEPROXECTO DE LEI XX/2025, DO XX DE XXXX, DE MODIFICACIÓN DA LEI 8/2008, DO 10 DE XULLO, DE SAÚDE DE GALICIA, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN INTEGRAL CONTRA A VIOLENCIA NO SISTEMA DE SAÚDE DE GALICIA

Exposición de motivos

I

A violencia no lugar de traballo é recoñecida pola Organización Internacional do Traballo (OIT) como un perigo ocupacional, prevalente en certas profesións, que debe de ser previsto e evitado, adoptando as correspondentes medidas de precaución.

A propia OIT e a Axencia Europea para a Seguridade e Saúde no Traballo recoñecen que os/as profesionais do ámbito sanitario están especialmente expostos/as a sufrir agresións e situacións de violencia, o que obriga a centrar cada día máis a atención dos poderes públicos.

Os/as profesionais son o principal activo do Sistema Público de Saúde e, porén, están a sufrir agresións de diferente índole no exercicio da súa actividade laboral. Situacións violentas que os/as poñen en risco e poden provocar efectos nocivos tanto na seguridade e na saúde da persoa afectada coma no funcionamento do sistema sanitario no seu conxunto.

Proba disto é que, segundo datos extraídos dos sistemas de información dos que dispón a Administración sanitaria, no ano 2024, o número de profesionais do Servizo Galego de Saúde que comunicaron algún tipo de violencia ascendeu a un total de 856, das cales 516 foron agresións verbais ou xestuais, e 340 comportaron violencia física.

No mesmo intervalo temporal, atendendo ao nivel asistencial no que se teñen producido ditos actos, resulta que na Atención Primaria e extrahospitalaria detectáronse 511 actos de violencia, e no nivel de Atención Hospitalaria contabilizáronse 345 deses actos.

As agresións físicas ou verbais aos/ás profesionais, no exercicio das súas funcións, por parte de pacientes, familiares ou acompañantes rompen o vínculo de confianza que debe existir no desenvolvemento das funcións de carácter sanitario e supoñen un motivo de preocupación para os/as profesionais e por ende para todo o sistema sanitario público galego.

Malia que a reforma operada no Código Penal, no que atinxe ao tipo penal do delito de atentado respecto aos suxeitos pasivos do mesmo, equiparou aos funcionarios públicos como autoridade pública, coa consecuencia de que as persoas agresoras enfronten penas de cárcere máis duras e maiores indemnizacións, o problema da violencia no entorno sanitario segue a presentar unha tendencia crecente.

II

O problema descrito ten carácter sistémico, como o proba o feito de que no pleno da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde do 26 de xullo de 2017 acordouse a creación dun grupo de traballo que elaborase as bases dun sistema de información de agresións a profesionais do Sistema, e en maio de 2018 constituíuse un grupo de traballo específico, dada a inexistencia dun sistema de información previo que recopilara de forma homoxénea os datos das agresións notificadas nos distintos servizos sanitarios, e elaborouse un documento consensuado que integraba un conxunto mínimo de datos (CMD) de agresións a profesionais no ámbito sanitario, con base nos datos achegados polas Comunidades Autónomas e INGESA.

Durante o ano 2023, estableceuse un subgrupo de traballo dedicado á análise e valoración de modificacións no conxunto mínimo de datos (CMD) xa existente. Como resultado da iniciativa introducíronse novos parámetros no CMD para facilitar a recompilación de información. As modificacións propostas, así como as actualizacións nalgúns parámetros consideráronse adecuadas no conxunto do grupo de traballo a comezos de 2024 e posteriormente presentadas ante a Comisión Técnica Delegada da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde na súa sesión do día 26 de febreiro de 2024. Está previsto que este cambio no CMD se implemente a partires deste ano 2025.

Pero máis alá do cómputo de datos, existe unha realidade que afecta negativamente ao desempeño profesional, e que precisa de medidas concretas de carácter inmediato para reverter a tendencia alcista das agresións e dar a necesaria protección aos principais activos do Sistema Público de Saúde.

En Galicia a violencia da que é vítima o persoal do Sistema Público de Saúde de Galicia deu lugar a que nos últimos anos se deseñasen protocolos e se implementasen distintas medidas para atallar estas situacións, pero o certo é que dende a pandemia producíronse cambios sociais que requiren da actualización destas medidas e a ampliación de accións.

III

Por tanto, cómpre implementar medidas concretas para impulsar un cambio na tendencia actual, o que pasa pola realización das modificacións legislativas necesarias, e que de seguido se describen.

A presente lei consta dun artigo único, con quince apartados para abordar as modificacións que se indican.

Así, a primeira modificación afecta ao artigo 3 do Título Preliminar, e consiste en incorporar aos efectos da dita lei que se entende por “violencia no ámbito sanitario” e “profesional do ámbito sanitario”. Neste senso, a Comunidade Autónoma de Galicia, coñecedora da realidade da violencia neste ámbito e no seu firme compromiso de impedir tales actuacións e protexer aos/ás profesionais no desenvolvemento da súa actividade, considera fundamental estender as medidas de prevención e protección fronte a tales actos de violencia a todo o sistema sanitario de Galicia, con independencia da titularidade pública ou privada do centro de prestación de servizos, así como a todos/as os/as profesionais que realizan actividade sanitaria de carácter asistencial ou calquera outra que sen ser estritamente asistencial garde relación coa dita actividade, como o transporte sanitario, entre outras.

Modifícase tamén o artigo 15 (Capítulo III do Título I) para reflectir dentro dos deberes da cidadanía, ademais do xenérico deber de respecto ao persoal que presta os seus servizos no sistema de saúde de Galicia, o deber de respecto da súa dignidade e integridade persoal e profesional. En correlación a ese deber, establécese o seu incumprimento como infracción sanitaria.

Por outra banda, modifícase o Capítulo IV do Título II, relativo ás infraccións e sancións. A redacción actual da lei trata conxuntamente condutas que deben ter distinto tratamento, como son a coacción ou a ameaza, que teñen o mesmo tratamento que a agresión ou calquera forma de violencia exercida sobre os profesionais ou as profesionais do Sistema público de saúde de Galicia, no exercicio das súas funcións. Para tal efecto, outórgase carácter diferenciado ás infraccións cometidas en materia de violencia no ámbito sanitario e a tal fin recóllense diferentes condutas que son tipificadas como infracción leve, grave e moi grave, segundo o caso, cun artigo con entidade propia para cada un dos tipos e unha gradación das sancións en función da gravidade dos feitos.

Así, a modificación pretende dar un tratamento específico e diferenciado para as agresións e demais actitudes violentas, de xeito que se individualicen, tipifiquen e sancionen en función da súa gravidade, coa posibilidade de adopción de sancións accesorias e medidas provisionais específicas, mais acaecidas para este tipo de infraccións. Asemade, e consonte o preceptuado no artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, prevese tamén de xeito expreso a posibilidade de que o órgano ao que corresponda o exercicio da potestade sancionadora esixa á persoa infractora a reposición da situación alterada ao seu estado orixinal, ademais da correspondente indemnización polos danos e prexuízos causados, o que se traducirá nestes casos na obriga de facerse cargo dos gastos de asistencia sanitaria da vítima e, no seu caso, dos danos causados pola súa conduta infractora no mobiliario, instalacións ou equipamento do centro sanitario.

Así mesmo, modifícase o capítulo X do Título II, relativo ao contrato de servizos sanitarios, para incorporar no apartado sexto do artigo 74 a existencia de subscripción polo empregador dun seguro que garanta a defensa xurídica e o resarcimento dos danos derivados dos actos de violencia sufridos polo persoal que presta servizos para o Sistema Público de Saúde de Galicia a través dun contrato de servizos sanitarios.

Tamén se aborda a modificación dos Capítulos III ("selección, provisión e promoción interna") e VI ("saúde laboral") do Título VIII, para garantir a mobilidade do persoal vítima de violencia no ámbito sanitario así como para introducir a figura do Plan de Prevención contra a Violencia no ámbito sanitario, o cal efectuará unha previa avaliación integral do risco de danos por violencia en función de factores relevantes en cada centro, de cara á adopción das medidas específicas que sexa preciso implantar, e obrigará a facilitar formación e información na materia.

Engádese un novo parágrafo ao artigo 119 (saúde laboral) para recoller a posta a disposición do persoal vítima dun acto de violencia dos servizos específicos encargados de prestar o apoio psicolóxico que en cada caso se precise, así como de tramitar as denuncias que puideran presentarse. Tamén se lle facilitará asesoramento a través da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, das accións e denuncias que cabe interpoñer.

Engádese un artigo 119.bis relativo ao Plan Galego de Prevención contra a Violencia no ámbito sanitario, como instrumento para garantir o dereito de todos/as os/as profesionais a recibir asistencia e protección das Administracións públicas e servizos de saúde no exercicio

da súa profesión ou no desempeño das súas funcións, de conformidade co previsto no artigo 17.h) da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do Persoal Estatutario dos Servizos de Saúde, e que será de aplicación en todos os centros asistenciais do Sistema Público de Saúde de Galicia e nos seus entes instrumentais vinculados.

Asemade se prevé a creación dun Rexistro Galego de Actos de Violencia Externa no ámbito sanitario, no que se inscribirán e rexistrarán todos os actos de violencia notificados polo persoal empregado público do Sistema Público de Saúde de Galicia.

A tal efecto engádese un artigo 119.ter no que se crea e regula este rexistro.

Por outra banda, modifícase o Capítulo I do Título IX ("Docencia e Formación") para os efectos de introducir medidas de formación específica ao persoal do Sistema Público de Saúde de Galicia, similares ás xa existentes sobre coñecementos e habilidades sanitarias e igualdade (previstas xa no número 3 do artigo 125 da lei), e que teñan por obxecto situacións de emerxencia provocadas por pacientes con condutas violentas, a abordaxe de condutas desafiantes para o manexo de situacións, así como para coñecer os mecanismos e técnicas de autocontrol ante agresións físicas e técnicas de pausado e control da situación.

A tal fin, engádese un artigo 125.bis relativo á implantación de medidas específicas de formación e capacitación en materia de prevención da violencia no ámbito sanitario.

Completan o texto dúas disposicións adicionais, relativas á realización de campañas de sensibilización social e ao respecto da tipificación penal dos feitos; unha disposición derogatoria; unha disposición transitoria para o mantemento da vixencia das medidas de prevención adoptadas; e dúas disposicións derradeiras, relativas ao desenvolvemento regulamentario e á entrada en vigor.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome do Rei a presente lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Artigo único. Modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádese o número 23 ao artigo 3, coa seguinte redacción:

23) Violencia no ámbito sanitario: violencia física ou verbal, exercida por pacientes, familiares ou acompañantes contra os/as profesionais do ámbito sanitario durante o exercicio das súas funcións ou con ocasión delas.

Para estes efectos, terá a condición de profesional do ámbito sanitario aquel que realiza actividade sanitaria de carácter asistencial, de administración, admisión, traslado de pacientes así como, calquera outra que sin ser estritamente asistencial garde relación con dita actividade, en centros sanitarios, domicilio da persoa usuaria ou dispositivos de transporte sanitario.

Dous. O número 2 do artigo 15 queda coa seguinte redacción:

"2. Manter o debido respecto ao persoal que presta os seus servizos no Sistema de Saúde de Galicia, así como á súa honra e prestixio profesional, absténdose de realizar actos que poidan supoñer lesión ou menoscabo da súa seguridade e integridade física e moral no desempeño das súas funcións."

Tres. Engádese un número 3 ao artigo 39.bis, coa seguinte redacción:

"3. Con independencia das sancións que lles sexan impostas, os suxeitos responsables da comisión de infraccións en materia de violencia no ámbito sanitario poderán ser obrigados a reparar os danos e prexuízos ocasionados, así como a repoñer as cousas ao seu estado anterior. Nestes casos, o órgano ao que corresponda o exercicio da potestade sancionadora poderá esixirlles o aboamento dos gastos de asistencia sanitaria da vítima así como os que cubran a reparación dos danos causados pola súa conduta infractora no mobiliario, instalacións ou equipamento do centro sanitario.

Cuatro. Engádese un artigo 41.ter, coa seguinte redacción:

"Artigo 41.ter. Infraccións leves en materia de violencia no ámbito sanitario"

Tipifícanse como infraccións leves en materia de violencia no ámbito sanitario as seguintes:

- a) A falta de respecto ou o insulto ás autoridades sanitarias e os seus axentes e aos/ás profesionais aos/ás que se refire o segundo parágrafo do número 23 do artigo 3, durante o exercicio das súas funcións ou con ocasión destas, cando non constitúan infracción grave ou moi grave.
- b) A realización de actos ou condutas que alteren ou perturben o normal funcionamento dos centros sanitarios, cando non constitúan infracción grave ou moi grave.
- c) A destrución, menoscabo ou deterioración das instalacións e equipamentos dos centros sanitarios, sempre que non afecten ao normal desenvolvemento da actividade asistencial ou ao funcionamento ordinario do centro."

Cinco. Engádesse un artigo 42.ter, coa seguinte redacción:

"Artigo 42.ter. Infraccións graves en materia de violencia no ámbito sanitario

Tipifícanse como infraccións graves en materia de violencia no ámbito sanitario as seguintes:

- a) A resistencia, ameazas, coacción e represalias ás autoridades sanitarias ou os seus axentes e aos/ás profesionais aos que se refire o segundo parágrafo do número 23 do artigo 3, durante o exercicio das súas funcións ou con ocasión destas.
- b) A destrución, menoscabo ou deterioración das instalacións e equipamentos dos centros sanitarios, sempre que afecte ao seu normal funcionamento.
- c) Calquera outra forma de presión exercida contra as autoridades sanitarias e aos/ás profesionais aos que se refire o segundo parágrafo do número 23 do artigo 3, cando non constitúa infracción moi grave.
- d) A reincidencia na comisión de infraccións leves nos últimos doce meses.

Seis. Engádesse un artigo 43.ter, coa seguinte redacción:

"Artigo 43.ter. Infraccións moi graves en materia de violencia no ámbito sanitario

Tipifícanse como infraccións moi graves en materia de violencia no ámbito sanitario as

seguintes:

a) A agresión física ás autoridades sanitarias ou os seus axentes e aos/ás profesionais aos que se refire o segundo parágrafo do número 23 do artigo 3, durante o exercicio das súas funcións ou con ocasión destas.

b) A reincidencia na comisión de infraccións graves nos últimos cinco anos.

Sete. Engádese un artigo 44.ter coa seguinte redacción:

"Artigo 44.ter. Sancións en materia de violencia no ámbito sanitario

1. As infraccións en materia de violencia no ámbito sanitario serán sancionadas gardando a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada, e establecerase unha gradación desta en grao mínimo, medio e máximo para cada nivel de cualificación. Para a determinación da sanción que se vai impoñer, dentro de cada un destes graos, deberase atender aos criterios establecidos no artigo 29.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, así como ao incumprimento das advertencias previas, ao número de persoas postas en risco ou afectadas, especialmente se se trata de colectivos vulnerables, e á gravidade da alteración sanitaria producida.

2. As infraccións tipificadas nos artigos 41 ter, 42 ter e 43 ter serán sancionadas con multas, conforme a gradación seguinte:

a) Infraccións leves:

1º) Grao mínimo: de 300 a 500 euros.

2º) Grao medio: de 501 a 1.000 euros.

3º) Grao máximo: de 1.001 a 1.500 euros.

b) Infraccións graves:

1º) Grao mínimo: de 1.501 a 2.000 euros.

2º) Grao medio: de 2.001 a 2.500 euros.

3º) Grao máximo: de 2.501 a 3.000 euros.

c) Infraccións moi graves:

1º) Grao mínimo: de 3.001 a 7.000 euros.

2º) Grao medio: de 7.001 a 12.000 euros.

3º) Grao máximo: de 12.001 a 15.000 euros.

3. A autoridade competente para resolver o expediente poderá acordar, así mesmo, como sancións accesorias, nos supostos de infracción grave ou moi grave, a asignación doutro/a profesional sanitario distinto á persoa infractora e/ou a súa adscrición a un centro sanitario distinto da mesma localidade, por un prazo non superior a cinco anos."

Oito. Engádese un artigo 45.ter coa seguinte redacción:

"Artigo 45.ter. Competencia para sancionar as infraccións en materia de violencia no ámbito sanitario

Os órganos autonómicos competentes para o exercicio da potestade sancionadora pola comisión de infraccións en materia de violencia no ámbito sanitario, tipificadas nesta lei son:

a) A persoa titular da Dirección Territorial da consellería competente en materia de sanidade que corresponda por razón do ámbito territorial da comisión da infracción, cando se trate de infraccións leves.

b) A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da consellería competente en materia de sanidade, cando se trate de infraccións graves.

c) A persoa titular da consellería competente en materia de sanidade cando se trate de infraccións moi graves."

Nove. O número 2 do artigo 46.ter queda redactado como segue:

"2. As medidas provisionais deberán ser proporcionadas á natureza e gravidade das infraccións cometidas, e poderán consistir nalgunha das previstas no artigo 46 ou en calquera outra que asegure a eficacia da resolución que se poida ditar, así como na asignación doutro/a profesional sanitario/a distinto á persoa infractora, no caso das infraccións cometidas en materia de violencia no ámbito sanitario. Non se poderán adoptar medidas provisionais que poidan causar prexuízo de difícil ou imposible reparación ás persoas interesadas ou que impliquen violación de dereitos amparados polas leis."

Dez. O número 6 do artigo 74 queda redactado como segue:

"6. Os servizos e actividades sanitarias ou asistenciais que o Sistema Público de Saúde de Galicia contrate co sector privado de asistencia sanitaria haberán de axustarse aos mesmos parámetros, estándares, dereitos ou criterios de actuación exixibles para os do propio Sistema Público de Saúde de Galicia.

A Administración exixirá ao empregador a suscripción dun seguro que garanta ao persoal vítima dun acto de violencia no ámbito sanitario a cobertura da asistencia xurídica e o resarcimento económico dos prexuízos derivados daquel."

Once. O número 10 do artigo 115 queda redactado como de seguido se indica:

"10. A administración establecerá medidas de mobilidade do persoal, tendentes á protección das vítimas de violencia de xénero e violencia no ámbito sanitario e a favorecer a conciliación da vida persoal e familiar e a protección da saúde laboral. Para tal efecto, poderán subscribirse convenios de colaboración con outras administracións públicas."

Doce. Engádese un novo parágrafo ao artigo 119, coa seguinte redacción:

"O Servizo Galego de Saúde porá a disposición do persoal vítima dun acto de violencia no ámbito sanitario, un servizo específico encargado de prestar o apoio psicolóxico que en cada caso se precise. Tamén porá a disposición un servizo encargado de tramitar as denuncias que puideran presentarse con ocasión dun acto de violencia no ámbito sanitario."

Trece. Engádese un novo artigo 119.bis coa seguinte redacción:

"Artigo 119.bis. Plan Galego de Prevención contra a Violencia no ámbito sanitario"

1. O Plan Galego de Prevención contra a Violencia no ámbito sanitario constitúe o instrumento para garantir o dereito de todos/as os/as profesionais a recibir asistencia e protección das Administracións públicas e servizos de saúde no exercicio da súa profesión ou no desempeño das súas funcións, de conformidade co previsto no artigo 17.h) da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do Persoal Estatutario dos Servizos de Saúde.

O Plan será de aplicación en todos os centros asistenciais do Sistema Público de Saúde de Galicia e nos seus entes instrumentais vinculados.

2. O Plan será elaborado polo órgano directivo do Servizo Galego de Saúde con competencias en materia de saúde laboral, e deberá ser obxecto de negociación na correspondente mesa de negociación colectiva.

3. O Plan Galego de Prevención contra a Violencia no ámbito sanitario terá o seguinte contido mínimo:

- a) Medidas de prevención, nas cales se incluírán, como mínimo, as seguintes:
 - 1º. Actuacións dirixidas ás persoas usuarias do Sistema Público de Saúde de Galicia.
 - 2º. Condicións de seguridade dos lugares de traballo.
 - 3º. Medidas de formación e capacitación do persoal.
- b) Procedemento de actuación fronte a unha agresión.
- c) Accións dirixidas contra a persoa agresora.
- d) Plan de comunicación.
- e) Avaliación e seguimento.

4. O Plan Galego de Prevención contra a Violencia no ámbito sanitario garantirá de maneira específica a protección do persoal do ámbito sanitario que, polas súas características persoais, físicas ou situación de discapacidade, sexa especialmente propicio a sufrir un acto de violencia.

Así mesmo, adoptará as medidas específicas en beneficio daqueles/as traballadores/as que, por razón das súas condicións de traballo, ou do servizo ou unidade ao que se atopen adscritos, estean expostos/as a maior risco de sufrir un dano por violencia no ámbito

sanitario.

5. O Plan será aprobado polo Consello da Xunta, a proposta da consellería competente en materia de sanidade, e producirá efectos a partires da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Asemade, será tamén obxecto de publicación no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

6. O Plan será revisado anualmente, de conformidade cos datos e evidencias recollidas no seu seguimento e aplicación."

Catorce. Engádesse un novo artigo 119.ter coa seguinte redacción:

"Artigo 119.ter. Rexistro Galego de Actos de Violencia Externa e asistencia a vítimas de actos de violencia no ámbito sanitario

1. Créase o Rexistro Galego de Actos de Violencia Externa no ámbito sanitario, no que se inscribirán e rexistrarán todos os actos de violencia notificados polo persoal empregado público do Sistema Público de Saúde de Galicia, así como a identificación da vítima e da persoa autora do incidente.

A tal efecto, as Unidades de Prevención de Riscos Laborais (UPRL) serán as responsables de rexistrar as agresións que se produzan nos centros de traballo do seu ámbito.

2. O rexistro será único para todo o Sistema Público de Saúde de Galicia, e estará adscrito á Xerencia do Servizo Galego de Saúde.

Quince. Engádesse un novo artigo 125.bis coa seguinte redacción:

"Artigo 125.bis. Medidas de formación e capacitación en materia de prevención da violencia no ámbito sanitario

1. De conformidade co previsto no número 3 do artigo 119.bis, o Plan Galego de Prevención contra a Violencia no ámbito sanitario conterá medidas de formación e capacitación do persoal, como elemento preventivo que facilite ao persoal o manexo de recursos e habilidades para enfrontar aquelas situacións de violencia que se susciten con ocasión do seu exercicio profesional.

2. A tal efecto, correspóndelle á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde a xestión da formación no Sistema Público de Saúde de Galicia, de conformidade co artigo 2 dos seus estatutos, aprobados por Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia e se aproban os seus estatutos.

3. Para tal efecto, as medidas de formación e capacitación incluírán, como mínimo, os seguintes aspectos:

a) Elaboración e actualización do material informativo dirixido a profesionais, sobre as recomendacións e pautas de actuación ante situacións conflitivas e agresións.

b) Organización de actividades e iniciativas específicas de formación online sobre prevención de agresións, dirixidas a todo o persoal empregado público da saúde do Sistema Público de Saúde de Galicia, así como sobre técnicas para o manexo de situacións conflitivas e sobre os procedementos para o apoio, asesoramento e asistencia á persoa agredida.

c) Elaboración de material audiovisual sobre xestión de situacións conflitivas.

d) Realización de cursos e obradoiros prácticos nos centros de traballo, priorizando servizos, unidades, centros ou grupos profesionais de maior risco, sobre habilidades comunicativas, xestión de situacións conflitivas e control de pacientes agresivos. Estes cursos incluíranse anualmente na programación anual das actividades preventivas do Servizo Galego de Saúde.

e) Realización de actividades formativas conxuntas con interlocutores policiais e sanitarios.

f) Inclusión de recomendacións, guías e/ou protocolos de actuación ante agresións, en todas as actividades formativas xerais de prevención de riscos laborais e nas xornadas de acollida de novas incorporacións. Igualmente, incluírase esta materia nos cursos de xestión da prevención dirixidos a mandos intermedios e persoal directivo.

4. As persoas que accedan á condición de persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde, logo da superación dun proceso selectivo, deberán realizar, con carácter obrigatorio, dentro dos seis meses posteriores á toma de posesión do destino adxudicado, unha actividade formativa básica sobre medidas preventivas e protección contra a violencia no ámbito sanitario, que organizará a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

5. A formación en materia de violencia no ámbito sanitario computará, como mérito, nos procesos de selección e provisión de prazas que convoque o Sistema Público de Saúde de Galicia, así como para o acceso aos distintos graos de carreira profesional.”

Disposición adicional primeira. *Campañas de sensibilización social*

1. A consellería competente en materia de sanidade realizará campañas dirixidas á poboación xeral, a fin de aumentar a sensibilización e o respecto ao papel dos/das profesionais a que se refire o número 23 do artigo 3.

2. As campañas de sensibilización social terán carácter bianual, agás que os actos probados de violencia no ámbito sanitario aconsellen a realización de campañas cunha maior frecuencia.

Disposición adicional segunda. *Tipificación penal*

O contido desta lei enténdese sen prexuízo das previsións contidas no Código Penal para o caso de comisión de delitos tipificados.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente lei.

Disposición transitoria única. *Vixencia das medidas de prevención adoptadas*

As medidas de prevención contra a violencia no ámbito sanitario vixentes á entrada en vigor desta lei manteranse transitoriamente ata a implantación das medidas adoptadas ao abeiro desta lei.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario*

Sen prexuízo do previsto na disposición adicional segunda da presente lei, autorízase ao Consello da Xunta para que aprobe os regulamentos que sexan necesarios para a aplicación e desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, xx de xxxxxx de 2025

Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente